

1.LINGUA E COMUNICACIÓN

A comunicación é o fundamento da vida social. Consiste no contacto que uns individuos establecen con outros para transmitirse información. ***Non podemos falar de sociedade sen comunicación nin de comunicación sen sociedade.***

A manifestación máis específica da comunicación humana é a linguaxe. Destaca a súa **dimensión social** porque é un instrumento imprescindible para transmitir información, ao tempo que representa un elemento da identidade grupal

A carón da dimensión social, destaca a **dimensión psicolóxica**, xa que a linguaxe é o vehículo de transmisión do pensamento.

A carón disto temos os **sistemas substitutivos**, chamados así porque non constitúen un sistema .Están neste caso a escrita, que é unha representación visual da lingua oral; o sistema Braille para invidentes, que permite a lectura táctil; o código Morse, que é o alfabeto telegráfico, e o código de bandeiras...

Os seres humanos empregamos outros **sistemas de comunicación non lingüísticos**: código de circulación,na arbitrase dalgúns deportes, a linguaxe das persoas xordas etc.). Outras **formas de comunicación** humana non constitúen sistemas; distinguimos, entre estas, as **visuais** (acenos), as **táctiles** (apertamáns, caricias...), as **sonoras** non lingüísticas (asubíos, timbres, sirenas) ou as **olfactivas** (olores corporativos).

No mundo animal atopamos organizacións e estruturas sociais(ouveo do can ata os chíos das baleas ou golfiños, pasando pola danza das abellas...)

A comunicación animal non é propiamente linguaxe, xa que non se trata de sistemas articulados de signos. A comunicación animal presenta unha clara limitación en canto ao número de mensaxes que pode producir.

2.ELEMENTOS DA COMUNICACIÓN

- **Emisor** é quen transmite a información.
- **Receptor** é a persoa que recibe e intepreta a información.
- **Mensaxe** é a información que se transmite.
Presenta dúas facetas: ex- presión e contido.
Significante e significado.
- **Código** é o conxunto de signos e de regras para combinar eses signos que se empregan para construír e interpretar a mensaxe.
- **Canle** é a vía, o conduto, a través da cal se transmite a mensaxe.
- **Referente** é a realidade extralingüística á que se refire a mensaxe.

O acto de comunicación prodúcese nunhas circunstancias concretas que o condicionan. Estas poden ser de dous tipos:

- **Situación.** Son as circunstancias extralingüísticas en que se produce a

comunicación, ou sexa, o lugar, o momento, o ambiente social e cultural...

- **Contexto.** Son os elementos lingüísticos que anteceden e proseguen á mensaxe.

3.FUNCIÓNS DA LINGUAXE

A función xeral da linguaxe é a comunicación, mais existen outras funcións

- **Función representativa ou referencial** A comunicación céntrase no **referente** da mensaxe. A través da linguaxe transmítense ideas ou conceptos.
- **Función expresiva.** Adquire maior importancia o **emisor**. Os sentimentos, estados emocionais, matices afectivos... Esta función aparece en estado puro en exclamacións como: *Puagh!*, *buf!*, *ai!* etc.; e mesturada coa función representativa en enunciados como: *Que cansa estou!*, *É engaiolante!* Nestes enunciados é fundamental a entoación para completar o sentido da mensaxe.
- **Función apelativa ou conativa.** Neste tipo de comunicación trátase de chamar a atención ou influír no **receptor** a través da mensaxe.
- **Función poética.** Destaca a **forma da mensaxe**
- **Función fática.** Ten a finalidade de verificar que a **canle** funciona e que nada impide a comunicación.
- **Función metalingüística.** A información ou referente da mensaxe é o propio **código**.

Un mesmo acto comunicativo pode conter varias funcións á vez.

4.SIGNO LINGÜÍSTICO

A **Lingüística** é a ciencia que se ocupa de estudar o código específico da linguaxe humana. Este código está formado por unha serie de unidades que se denominan signos lingüísticos e que definimos como a unidade básica da lingua, que consiste na asociación dunha expresión ou significante cun contido ou significado. **O significante** dun signo lingüístico está constituído por unha sucesión de fonemas. **O significado** é aquilo que evoca na nosa mente: o concepto.

5. A LINGUA COMO SISTEMA

A **lingua ou idioma** é unha manifestación concreta da linguaxe en cada comunidade humana. Cada lingua é un sistema de signos organizados, que se combinan para dar lugar a un número ilimitado de mensaxes. A **fala** é unha realidade física e individual. Entre a abstracción absoluta representada polo sistema e as realizacións concretas da fala sitúase a **norma**, constituída polas posibilidades do sistema. A norma lingüística, de carácter colectivo, restrinxe as posibilidades do sistema.

Os elementos que integran o código lingüístico organízanse nunha serie de niveis:

Nivel fónico: onde se presentan as relacións que existen entre as unidades fónicas. Temos que diferenciar entre os sons que estuda a **Fonética**, e o que chamamos fonemas, que se encarga de estudar a **Fonoloxía**.

Nivel morfosintáctico: É onde se presentan as relacións que existen entre as unidades gramaticais. Disto ocúpense dúas disciplinas:

- A **Morfoloxía** ocúpase da forma das palabras, da combinación dos morfemas e das categorías en que se organizan.
- A **Sintaxe** estuda a relación entre palabras para formar unidades superiores (*frases, cláusulas e oracións*) e a función que cumpren os elementos dentro de cada unidade.

Nivel léxico-semántico. Neste nivel atopamos a organización das palabras en campos semánticos, familias léxicas etc., sinonimia, hiperonimia, hiponimia etc.

Nivel textual. Entre as unidades lingüísticas superiores se establecen relacións de coherencia, adecuación e eficacia para construír textos.

Nivel pragmático. A **Pragmática** é a disciplina que analiza os enunciados en situacións reais de comunicación.

Ademais existen outras disciplinas da linguaxe como a sociolingüística, neurolingüística, lingüística comparada...

6.VARIEDADES LINGÜÍSTICAS

As linguas non son feitas uniformes. En cada unha delas conviven toda unha serie de **variedades lingüísticas** relacionadas con factores históricos, xeográficos, culturais, sociais, etarios, profesionais e contextuais.

As variedades dentro dunha lingua poden ser:

Variedades estruturais	Variedades diacrónicas ou históricas	Galego medieval Galego medio Galego contemporáneo
	Variedades diatópicas ou dialectais	Bloque oriental Bloque central Bloque occidental
Variedades de uso	Variedades diastráticas ou sociolectos	Nivel culto Nivel coloquial Nivel vulgar
	Variedades contextuais ou rexistros	Rexistro formal Rexistro coloquial

Dentro das **variedades de uso** dunha lingua podemos distinguir dous tipos: **diastráticas** e **diafásicas**. As primeiras reciben tamén o nome de **variedades sociais** e están en relación co nivel de formación dos falantes. As segundas, coñécense frecuentemente como **variedades contextuais** ou **rexistros** e están condicionadas por diversos factores:

- A relación entre as persoas que interveñen (o grao de familiaridade, a diferenza ou igualdade de clase social, idade, sexo, xerarquía etc.).
- Os temas de que se fala.
- A situación, ou sexa, o momento e o lugar en que se produce a comunicación

- A canle: oral ou escrita.
- A intención ou obxectivo da comunicación: entreter, convencer...

“A variedade estándar é a que se asume como común por toda a comunidade de falantes e convértese nun modelo de lingua. Sobre as outras variedades da lingua pesa habitualmente o preconceito de consideralas incorrectas ou desviadas. En realidade, do mesmo xeito que non hai linguas superiores e linguas inferiores, tampouco hai variedades lingüísticas mellores ou peores”

É común distinguir, en galego como nas demais linguas, entre dous tipos de REXISTROS.

REXISTRO INFORMAL

Emprégase nos actos de fala marcados por necesidades inmediatas, subxectivas, da vida cotiá. Entre as súas características podemos destacar estas: Ten unha gran riqueza de entoacións e unha pronuncia descoidada/ Empréganse nel palabras cliché ou de significado xeral como *cousa* ou *chisme* / Inclúe con frecuencia vulgarismos, dialectalismos e, mesmo, castelanismos/ Presenta unha sintaxe simple / Hai numerosas referencias ao contexto a través dos deícticos/ Abundan as apelacións ao interlocutor...

REXISTRO FORMAL

É o empregado en actos de comunicación motivados por unha actividade máis ou menos planificada, cun claro contido intelectual ou estético e cun propósito obxectivo. Caracterízase porque presenta unha pronuncia coidada. A sintaxe é complexa, con numerosas construcións subordinadas e un amplo uso de conectores textuais./ Amosa unha maior precisión e riqueza léxicas./ Escasean os recursos comunicativos extralingüísticos, como os acenos. A relación co interlocutor é menos estreita e está formalizada a través de fórmulas de cortesía.

7.LINGUA ESCRITA/LINGUA ORAL

A comunicación escrita ten unhas características que a singularizan fronte á comunicación oral:

- Emisor e receptor non están presentes. Trátase dunha comunicación mediada.

- É perdurable, pois permanece no tempo.
- Planifícase. A persoa emisora elabora reflexivamente a mensaxe, seleccionando a estrutura, o vocabulario etc.
- Teñen pouca relevancia o contexto extralingüístico e os códigos non verbais. Estes quedan reducidos á presentación do texto (soporte, tipo de letra etc.)